

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Literatura oral

[Conto Tipo 1561] O xastre comellón

Era unha vez un xastre que foi coser á casa dunha familia e ó chegar déronlle o almorzo. Cando acabou de comelo, dixo:

Xa me podían dar a comida e cando acabe terei máis enerxías para coser.

A familia deulle o xantar e cando rematou de comelo dixo:

Xa que estamos, podíanme dar a cea e logo pasarei a noite cosendo.

Cando rematou a cea, dixo:

Unha vez que se cea xa non se traballa! Vou para a casa! Deica maña!

[Conto achegado por Inés Martínez Deus (outubro de 2007)]